

# ANCARES E COUREL, AVANZAMOS NA PRO

## ANCARES (LOIS TOIRÁN)

Lois Toirán



Castelo de Doiras en Cervantes

Moita xente considera que Os Ancares xa son na actualidade Parque Natural. Pero hai que indicar que, abarcando diferentes superficies, hoxe en día é Reserva Nacional de Caza, Zona de Protección do Oso Pardo, Lugar de Interese Comunitario e Zona e Especial Protección de Aves, Rede Natura, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e tamén Reserva da Biosfera.

Nos Ancares a Consellaría de Medio Ambiente a través do seu delegado provincial xunto cos alcaldes dos concellos de Navia e Cervantes levaron a cabo unha serie de reunións cos veciños e veciñas para explicar en que consistiría a creación do Parque Natural cuxo proxecto de ordenación de recursos naturais está en forma de borrador antes da posterior exposición pública. A resposta que semella unánime nos medios de comunicación por parte da veciñanza ante esta proposta é a de opoñerse a este proxecto. Mesmo se vén de crear unha plataforma en contra deste proxecto.

Porén, hai tamén veciños e veciñas interesados que están a informarse e participar en reunións xunto con ADEGA, e mesmo hai parroquias que xa se teñen manifestado abertamente a favor da súa inclusión dentro do Parque Natural. A súa postura vese enfrontada a posicións hostís e mesmo agresivas (o lume foi e segue a ser unha arma de

disuasión e ameaza) por parte de determinadas persoas vinculadas a distintos grupos, mesmo políticos. E é aquí onde hai que buscar unha das explicacións desta oposición por parte dunha importante parte da poboación dos Ancares, especialmente en Navia de Suarna.

Os tres grupos políticos representados nos citados concellos e nas distintas consellarías están actuando dun xeito cando menos pouco responsábel á hora de abordar a creación desta figura. Ningún dos partidos políticos (en principio a favor do parque) está realmente convencido nin está traballando por esta ferramenta que podería ser unha máis para paliar na medida do posíbel a situación ambiental e social límite que se está a dar nesta comarca (se a poboación evoluciona ao ritmo actual, os Ancares quedarán sen unha soa persoa vivindo nun prazo aproximado de 30 anos!).

É irresponsábel que, por exemplo, concelleiros do PP de Navia estean a utilizar a figura do Parque contra o actual alcalde socialista, cando hai 4 anos o PP presentaba á exposición pública un proxecto de Parque Natural que logo retirou. Pola súa banda, foi o PSOE quen fixo unha forte campaña contra a Deputación de Lugo, daquela dirixida polo PP, pola nominación dos Ancares como Reserva da Biosfera; mesmo ten apoiado mocións nalgún concello en contra da tramitación do mesmo Parque Natural que o seu grupo defende na Consellaría. Desde o BNG non se está a manter unha postura clara que non sexa a de enfrontamento entre as delegacións das distintas Consellarías

da Xunta a través da veciñanza e dos medios de comunicación.

Cando de eleccións se trata o "porta a porta" é unha táctica habitual dos distintos partidos. O tema do Parque Natural debiera ser un elemento unificador de esforzos onde o "porta a porta" por parte dos tres partidos e a toma en consideración da participación da veciñanza fose un seguro de que o que se fixera resultara froito dun consenso e garantía de éxito.

A manipulación e a terrible falta de información, sensibilización e mesmo sentido común que nestes momentos se está a dar na comarca aconsella tamén retomar o traballo dende o principio, onde as loitas políticas sexan dignas e non simplemente ruíns.

O equipo de traballo que supón o Grupo de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel no que ADEGA está presente debiera servir nestes momentos como lugar de traballo onde estudar, investigar e definir dende distintos ámbitos cal é o papel que o medio ambiente vai ter no desenvolvemento que se busca desta comarca. Hai esperanzas de que así sexa a pesares do papel deplorábel dos representantes dos concellos que buscan a mínima escusa para abandonar as reunións.

En todo caso, ADEGA seguirá a dar información e a buscar apoio á figura do Parque por considerar que constitúe unha ferramenta útil e válida, susceptible de ser protagonizada na súa xestión pola veciñanza, as asociacións a maiores das institucións e entidades varias.

Lois Toirán



Os incendios forestais son unha ameaza para o Parque Natural (lume no Cotrillón, núcleo dos Ancares)

# PROTECCIÓN COMO PARQUE NATURAL?

## COUREL (BRANCA VILLARES)



Branca Villares

A Serra caracterízase pola súa beleza paisaxística

A Serra de O Courel conta con diversas figuras de protección, practicamente as mesmas que Os Ancares, posto que están contiguos xeograficamente e teñen singularidades e problemáticas semellantes, pese ás súas diferenzas ecolóxicas. De aí que dende diferentes ámbitos se promova a súa xestión conxunta, e que incluso a base social courelá solicitara a súa adhesión voluntaria ao Grupo de Desenvolvemento Rural de Os Ancares.

Tamén comparte con Ancares a súa controversia na declaración de Parque Natural, aínda que por motivos diferentes, e sufrindo procesos sociais diverxentes. Namentres asistimos a mobilizacións en contra do Parque na zona de Ancares, no Courel as manifestacións públicas e mobilizacións foron tradicionalmente a favor da declaración da Serra como Parque Natural. Pero o que define estas mobilizacións é que, na súa maioría, están apoiadas por xente de fóra do Courel. Isto non significa que os seus habitantes non queiran o Parque, xa que hai múltiples xestos por parte deles que demostran apoio e consciencia das vantaxes que para o territorio e para eles mesmos pode supoñer. Son unha parte

importante dos veciños e veciñas e fan esforzos sobresaíntes: hai anos cederon terreos para a construción dunha Estación Biolóxica. O dilatado do proceso fainos sentir coma quen espera a Godot.

Noutro intento por desmitificar as restricións dos Parques Naturais, varias asociacións culturais e veciñais do Courel organizaron unha viaxe a Somiedo o pasado inverno. Pretendían demostrar aos seus conveciños que a gandería, a caza, a silvicultura, e outras prácticas tradicionais son compatíbeis co Parque Natural, o turismo e as mellores nos servizos sociais; en definitiva, o aumento da calidade de vida, unha oportunidade de emprego e de fixar poboación no rural, ademais das vantaxes da conservación da paisaxe e da biodiversidade.

Pese á viaxe e outras campañas de divulgación veciñal, segue a ser alto o número de veciños que pensan que a declaración de Parque traerá máis desgustos que alegrías. Pode pesar nisto as sucesivas e desafortunadas actuacións da Consellería de Medio Ambiente. Tamén o concello segue a ser ambiguo

no seu apoio á declaración do Parque: non se opón publicamente, pero non facilita o labor de divulgación. O descoñecemento das verdadeiras implicacións, das restricións e vantaxes, dos beneficios económicos, é grande entre os veciños e veciñas. Ademais das canteiras, a caza e os réditos da xestión forestal preocupan aos propietarios do monte, pois non teñen claro como se regularán eses aspectos no posíbel Parque. E o certo é que a Administración non atina nos mecanismos de difusión da información, e non dá respostas concretas ás preguntas que se fai a veciñanza.

O medo, coñecido e de vello dalgúns habitantes do Courel, é que se pechen as canteiras. A argumentación gastada dos postos de traballo que manteñen estas pizarreiras (dos que un terzo aproximadamente ocupan veciños do Courel), perde peso a medida que avanzamos na crise económica, pois os problemas nas louseiras de Quiroga e O Barco cuestionan a viabilidade deste agresivo modelo de explotación (e xa non digamos a súa sostibilidade).

ADEGA sempre apoiou a declaración de Parque para garantir a protección ambiental das serras do Courel. Mais temos unha cousa clara: se non hai conciliación, e a declaración do Parque chega por imposición, podemos perder máis do que gañar. Pensamos que O Courel son tamén as súas xentes bravas, as cales poboaron e traballaron esas terras que agora se queren protexer. Unha xestión sostíbel de séculos foi o que conformou esa paisaxe que defendemos, e non se conservará coa súa vizo-sidade se os seus poboadores non a traballan. Eles teñen que ser partícipes do proceso.

Neste senso, ADEGA leva desde xullo traballando conxuntamente coa Consellería de Traballo nun estudo sobre oportunidades de emprego, vinculadas ao medio ambiente e o desenvolvemento sostíbel no Courel. Pretende ser unha achega máis a mudar a percepción negativa que moita xente ten sobre os espazos naturais protexidos e sobre a conservación do medio ambiente.